



EDITA:

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
Secretaría Xeral

SUBDIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE MENTAL E DROGODEPENDENCIAS
Victor Pedreira Crespo

RESPONSABLE DO PROGRAMA DE SAÚDE MENTAL
Fernando Márquez Gallego

PSIQUIATRA ADSCRITO AO PROGRAMA DE SAÚDE MENTAL
Ernesto Ferrer Gómez del Valle

GRUPO TÉCNICO DE TRABALLO
Formado por representantes da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e do Programa de Saúde Mental do Sergas.

COORDINACIÓN TÉCNICA
Fernando Márquez Gallego
Marisol Caamaño

Programa de Saúde Mental

Andrés González García
Ignacio Gómez-Reino Rodríguez
M^a Carmen García Mahía
Juan L. Fernández Hierro
José María Alonso Ramos
Domingo Miguel Arias
Tiburcio Angosto Saura

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

M^a Fernanda López Crecente
Jorge Puente Hernández
Román Gómez Vázquez
Eva Castro Balado
M^a Encarnación Guzmán Sáez
Emilia Pérez Meiriño
M^a José Gil Leal

APOIO TÉCNICO:
José María Alonso Ramos
Consuelo Carballal Balsa
Juan Juárez Casado
Sara Fernández Lamas
Teresa Castro Lado

A enfermidade psíquica é un problema de saúde frecuente que leva consigo, como outras moitas patoloxías, momentos de gravidade ou urxencia en que cómpre unha intervención rápida e eficaz para garantir a saúde e a seguridade do doente e dos seus achegados. A resposta a estas demandas é moi específica, pero sinxela se se teñen os coñecementos axeitados de como manexar as crises e as opcións asistenciais de que se dispón.

Atención primaria, urxencias, saúde mental, 061, forzas da orde pública e institucións xudiciais están implicadas na maioría das urxencias psiquiátricas. Así, vemos que a asistencia á patoloxía psíquica grave e urxente na comunidade supón un grande esforzo de coordinación entre diferentes niveis que exceden o puramente asistencial.

Por outra banda, necesítase unha serie de coñecementos mínimos para dar unha resposta de calidade a todos os usuarios do 061 con problemas de saúde mental urxentes. A elaboración de protocolos de intervención nas urxencias psiquiátricas, e a difusión destes, vai facer que a asistencia sexa máis homoxénea, de calidade e coa posibilidade de mellora continua.

Este manual de procedementos é unha guía na cal se establecen os pasos que se deben seguir en cada unha das urxencias psiquiátricas máis comúns: psicose, depresión, ansiedade, risco de suicidio, trastorno de conduta en xeral. Dáse información de como abordar a relación co doente, as diferentes vías de derivación en función do seu estado, unha orientación sinxela para unha entrevista e diagnose adecuadas e mesmo sobre o manexo farmacolóxico do caso. Incídese no respecto aos dereitos fundamentais das persoas afectadas, dáse a información pertinente para que isto sexa así, sempre sen perder de vista os diferentes actores implicados nas intervencións, e defínese o seu lugar e as condicións de actuación.

Todo isto é posible grazas á colaboración, reflectida neste traballo, entre a Fundación 061 e o programa de saúde mental e a súa disposición para establecer sinerxías que están promovendo e conseguindo o logro destes obxectivos, cuxo desenvolvemento colocaría a nosa Comunidade Autónoma nun lugar de referencia na atención ás crises e ás urxencias psiquiátricas comunitarias e a domicilio.

M^a José Rubio Vidal

Conselleira de Sanidade

1	Programa Acougo: Introducción	
1.1.	Introducción	7
2	Procedemento xeral	13
3	Guías de actuación en:	19
3.1.	Alteracións de conduta	21
3.2.	Traslado involuntario.	33
3.3.	Paciente axitado	37
3.4.	Paciente con psicose	43
3.5.	Paciente con depresión.	49
3.5.	Paciente con ideación suicida	53
3.5.	Paciente con ansiedade	61
4	Guía farmacolóxica.	65
5	Bibliografía	77
	Versión castelán.	83



Introducción

1

1.1 Introdución

Xustificación

O 061 é o número ao cal calquera usuario da Comunidade Autónoma de Galicia pode chamar por un problema sanitario urxente. Supón unha porta de entrada ao sistema, sobre todo en situacións de urxencia e emerxencia. As chamadas ao 061 relacionadas con problemas de saúde mental son de sintomatoloxía diversa polo que as respostas emitidas son variables, podendo resolverse con ou sen mobilización de recursos.

A telemedicina converteuse nun dos instrumentos máis útiles para tratar pacientes a distancia. Así o están demostrando distintas experiencias, sobre todo na atención a pacientes de zonas rurais con máis dificultade para o acceso á consulta.

Con motivo da posta en marcha do Programa de saúde mental en Galicia a través do *número de teléfono 061* faise necesaria a especificación dun procedemento único de coordinación e asistencia para toda a comunidade.

Por todo isto descríbense as seguintes actuacións:

- 1.- Descrición dun PROCEDIMENTO XERAL.
- 2.- Desenvolvemento conxunto de GUÍAS de actuación para a atención de distintas patoloxías psiquiátricas desde a primeira chamada ao 061 ata a asistencia e/ou traslado do paciente.

Actualización

Este procedemento, así como os protocolos asociados a el, modificarase sempre que haxa cambios nas condicións externas.

O sistema de actualización é o seguinte:

Os responsables do seguimento realizarán as propostas que consideran necesarias, acompañadas da súa argumentación.

A aprobación definitiva dos cambios correspóndelle á comisión responsable que se reunirá con periodicidade semestral.

Unha vez aprobado, editarase a nova versión/actualización que se renumerará e datará de novo.

Difusión

O sistema de difusión dos procedementos e guías será o seguinte:

Entregaráselle un exemplar a cada membro fixo de cada un dos servizos participantes.

Facilitaráselles un exemplar para a súa lectura aos membros ocasionais de todos os servizos participantes.

Advertiráselle a todo o persoal dos servizos participantes a obrigatoriedade de coñecer o procedemento e as guías.

Estableceranse sesións de difusión do procedemento e das guías cunha periodicidade anual entre o persoal de todos os servizos participantes, coa finalidade de mantelo sempre vivo e actualizado.

A comunicación das actualizacións ou novas versións do procedemento e das guías realizarase da mesma forma antes exposta. O responsable da difusión é tamén responsable de dar a coñecer as novas versións e actualizacións.

Avaliación

Formarase unha comisión mixta de avaliación e seguimento do procedemento e guías que estará formada polos mesmos membros responsables da súa actualización.

Recollerase información consistente en:

- Actividade e explotacións dos servizos atendidos polo 061 de pacientes con sospeita de patoloxía psiquiátrica.

- Documentación bibliográfica e actualización dos servizos implicados.
- Incidencias de ambos os servizos.

A partir desta documentación elaborárase un informe por parte de cada un dos servizos implicados que será discutido en sesión polos integrantes da comisión de avaliación e seguimento que, en función das conclusións extraídas, realizarán as propostas para a introdución dos cambios necesarios.



Procedemento
xeral

2

1.- PROCEDEMENTO XERAL

1. O 061 é o número de referencia para a atención das chamadas relacionadas con sintomatoloxía psiquiátrica urxente da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Calquera usuario pode chamar para solicitar atención sanitaria urxente. Os usuarios poden ser pacientes, sanitarios, forzas e corpos de seguridade, xuíces, etc.
3. O 061 só realiza o traslado urxente de pacientes con destino aos servizos de atención sanitaria urxente de Atención Primaria e atención urxente hospitalaria de referencia que lle corresponda por zona.

O 061, tras recibir a chamada, recollerá os datos de localización ou recuperaraos do arquivo de pacientes rexistrados no programa e poderá resolver a chamada de varias formas distintas:

Sen mobilización de recursos:

- Información sanitaria.
- Consulta médica telefónica.
- Derivación a Atención Primaria
- Intercomunicación con psiquiatría da área.

Con mobilización de recursos

- Médico de Atención Primaria (AP)
- RTSU - ambulancia asistencial.
- USVA - ambulancia de soporte vital avanzado
- Outros

A intercomunicación co psiquiatra de garda realizaraa sempre o médico coordinador do 061, tras valorar a situación e considerar necesario o asesoramento por parte de Atención Especializada.

En casos extraordinarios, o médico coordinador do 061, unha vez que comentase o caso co psiquiatra de garda e, logo de acordo, poderá poñer en contacto o usuario con este último.

4. Horarios de atención:

-En horario de atención ordinaria: HAO:

A derivación dos pacientes ás consultas ordinarias das unidades de saúde mental (USM) por razóns de urxencia, deberase realizar a través do médico de cabeceira correspondente, acompañado de informe ou volante de interconsulta urxente a psiquiatría.

En casos excepcionais o 061 poderá derivar directamente os pacientes ás consultas das USM tras acordo previo telefónico co psiquiatra correspondente.

En caso de emerxencia derivarase directamente ao servizo de urxencias hospitalario correspondente (elaboráronse guías de actuación orientativas).

-En horario de atención continuada: HAC:

Os pacientes que necesiten atención psiquiátrica urxente poden ser derivados aos servizos de Atención Primaria ou ao servizo de Urxencias do hospital de referencia. Intentarase que os pacientes trasladados en ambulancia aos servizos de urxencias hospitalarios sexan valorados previamente por un médico (xa sexa de A.P. ou do 061)

5. Localización do psiquiatra de garda: en HAC poderase contactar co psiquiatra de garda en cada unha das áreas de Saúde Mental vinculadas aos complexos hospitalarios, a través da centraliña do hospital correspondente.

- Santiago: presenza física no Hospital Provincial de Conxo. Presenza física no Hospital Clínico Universitario.

- A Coruña: presenza física no Complexo Hospitalario Juan Canalejo.
- Lugo: garda localizada no Hospital Xeral.
- Ourense: presenza física no Hospital Santa María Nai.
- Pontevedra: presenza física no Hospital Provincial.
- Ferrol: presenza física no Hospital Arquitecto Marcide
- Vigo: garda localizada no Hospital do Meixoeiro.
- Presenza física no Hospital Nicolás Peña.

6. Solicitude de ambulancia ao 061 polo especialista en psiquiatría: cando un psiquiatra (habitualmente en HAO), tras realizar a valoración dun paciente, considere necesario o seu traslado urxente en ambulancia ao hospital, deberá chamar el mesmo ao 061 para realizar a solicitude da ambulancia e indicar como e a onde se debe realizar o traslado.

Se considera que o traslado se pode demorar (segundo a evolución do paciente no transcurso dunhas horas) deberá deixar un informe á familia ou aos achegados do paciente, indicando especificamente se é necesario o traslado urxente en ambulancia e o destino. Indicará a necesidade de solicitude de autorización xudicial por parte da familia se se precisase.

Neste último caso será a familia ou os achegados do paciente os que se poñan en contacto co 061. No caso de xurdir problemas para o traslado, o médico coordinador do 061 valorará de novo o paciente axudado polo médico de A.P. ou contactará co psiquiatra de garda da zona.

7. O traslado urxente involuntario, xa sexa dun paciente axitado ou non, foi consensuado entre as distintas institucións implicadas, segundo o protocolo xeral asinado pola Consellería de Sanidade, a Delegación do Goberno en Galicia e a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local para o traslado e ingreso non voluntario e urxente de persoas con enfermidade ou trastorno mental (anexo 1).

8. Co fin de realizar de forma adecuada a atención aos pacientes psiquiátricos e as derivacións destes, o 061 utilizará a información rexistrada na tarxeta sanitaria.
9. Para o seguimento e análise deste procedemento crearase unha comisión mixta de avaliación e seguimento entre o Servizo de Saúde Mental e o 061 que analizará as incidencias que se produzan
10. As incidencias desde as U.S.M. ou dos servizos hospitalarios de urxencias psiquiátricas enviaranse ao Servizo de Saúde Mental a través do responsable da área correspondente. As incidencias desde o 061 enviaranse a onde corresponda.



Guías de actuación

3

GUÍA DE ACTUACIÓN EN ALTERACIÓNS DA CONDUCTA

1. INTRODUCCIÓN

Trátase de describir os principios do interrogatorio psiquiátrico e orgánico que realiza un médico a través do teléfono no caso de pacientes con alteracións do comportamento. A anamnese é unha ferramenta efectiva para avaliar estes trastornos. É importante recordar que os pacientes psiquiátricos poden sufrir patoloxías orgánicas e en ocasións alteracións da conduta secundarias a elas.

O interrogatorio irá dirixido fundamentalmente a recoñecer signos ou síntomas de gravidade no paciente, valorando o estado xeral e, unha vez descartados estes signos, é cando orientaremos o interrogatorio cara a unha posible patoloxía psiquiátrica. Son fundamentais as tres primeiras preguntas para orientarnos no interrogatorio.

Se tras este interrogatorio logramos identificar signos que nos orienten cara a unha patoloxía psiquiátrica específica pasaremos ao seu interrogatorio correspondente.

2. ACTITUDE QUE SE DEBE SEGUIR

a. Introducción

Se se fala co propio paciente, intentarase mostrar interese e establecer bo contacto ou empatía con el.

Unha forma é repetindo parte da información que transmite ao teleoperador que atende a chamada para confirmarlle ao paciente que o médico percibe o seu problema e ao mesmo tempo establecer unha relación de empatía.

Intentarase dicir frases empáticas como: "Comprendo como se sente...".

- O interrogatorio comezase preguntándolle por aspectos xerais para pasar posteriormente a aspectos máis delicados, se colabora.

b. Interrogatorio

INTERROGATORIO

OBSERVACIONES

¿Desde cando está así?

- Brusco (son poucas as condutas psiquiátricas que xorden brusca-mente)
- Infeccións do SNC, hipoglicemia, abstinencia por alcohol e estupefacientes, intoxicacións, hemorraxia intracranial, crise comicial, TCE, hipoxia, insuficiencia aguda dun órgano. Non se debe descartar unha patoloxía psiquiátrica.

- Paulatino (horas-días)

- Pode orientar tanto a patoloxía psiquiátrica como orgánica. Síndrome confusional aguda (flutúa no día)

¿A que atribúe esta conduta ou situación ou que a desencadeou?

- Pode orientar o interrogatorio desde o principio. Ver se o paciente tivo episodios similares outras veces.

Valoración dos signos vitais

- Estado respiratorio

*Taquipnea,

- Febre, acidose metabólica, TEP, insuficiencia cardíaca, pneumonía, crise de ansiedade.

- Estado cardíaco

*Taquicardia, palpitacións

- Febre, hipertiroidismo, TEP, insuficiencia cardíaca, pneumonía, ansiedade, psicose.

- *Bradicardia

 - Hipertensión intracranial (máis frecuente), hipotiroidismo, Stokes-Adams.
- Temperatura

 - Meninxite, crise tirotóxica, vasculite, abstinencia por sedantes e alcohol, procesos inflamatorios e infecciosos.
- *Febre
- *Hipotermia

 - Alteracións endócrinas con hipofunción, intoxicacións, patoloxía dermatolóxica, sepsis, disfunción do SNC.
- ¿Levou algún golpe?

 - Frecuentes e desapercibidos en axitados, lesións cranioencefálicas.
- ¿Contraccións ou sacudidas?

 - Lesión neurolóxica, crise de histeria, trastornos dissociativos. Extrapiramidalismo. Hai que descartar o resto de patoloxía orgánica citada.
- ¿Enténdenlle as palabras que pronuncia? ¿Paralizóuselle algún membro?

 - Poden orientar a un problema neurolóxico, delirium e todas as súas causas, trastorno conversivo.
- Valoración de orientación*
- ¿Sabe onde está, coñece os seus familiares, que día é?

 - En lugar, tempo e espazo.
 - Demencia, delirium, amnesia psicóxena, fuga psicóxena, e como sempre descartaranse cadros orgánicos como intoxicacións.

Valoración do afecto.

¿Que sentimentos ten?

-Ansiedade

Calquera patoloxía orgánica antes citada pode produci-lo.

- Cadro de ansiedade (pánico, ansiedade xeneralizada, fobias, estrés postraumático, trastorno obsesivo-compulsivo).

-Tristeza

- Trastornos afectivos (depresión maior, trastorno bipolar, distimia, trastorno esquizoafectivo.

-Euforia, irritabilidade, excitación

- Episodio maníaco, trastorno esquizoafectivo, psicose.

Valoración do pensamento

Alteración do curso:

Desestruturado, incongruente

Alteración do contido:
Delirios

Delirio ou alucinacións visuais: máis frecuentes en cadros orgánicos. Cadro psicótico, enf. SNC (neoplasia, demencia, vasculite, epilepsia,..), patoloxía endócrina (hipo-hipertiroidismo, Cushing, Addison,..), metabólicas (hipoglicemia, encefalopatía hepática, urémica, hipoxia, hipercapnia), fármacos (dixital, corticoides, AINES, antibióticos, cimetidina, estimulantes, simpaticomiméticos,..), drogas (alcohol, cannabis, cocaína, anfetaminas,..).

Valoración da percepción:

Alucinacións

Alucinacións auditivas: máis frecuente na esquizofrenia.

Alucinacións olfactivogustativas: máis frecuente en epilepsia.

Ilusión ou distorsión de formas: máis frecuente tras a inxesta de alucinógenos.

Formigo, disestesias: cadros de ansiedade.

Insectos pola pel: intoxicación por cocaína, delirium tremens.

Antecedentes persoais

- VIH+

- Patoloxía neurolóxica: calquera cambio previo indica patoloxía orgánica.

- Exposición a tóxicos, metais pesados, ou outros perigos laborais.

- Patoloxía cardiorrespiratoria.

- Medicamentos que toma: fundamentalmente incidir en sedantes e hipnóticos, psicotrópicos, anticolinéxicos, antiparkinsonianos, salicilatos, antipalúdicos, diuréticos, antihistamínicos, antihipertensivos, antimicrobianos ou bromuros, poden producir delirio ou un cadro psicótico.

- Patoloxía psiquiátrica.

Antecedentes familiares e sociais persoais

- Poden identificar as causas desencadeantes do estrés no medio en que se desenvolve o paciente.

3. RECOMENDACIÓNS

1. Se o paciente presenta alteracións na orientación:

1.1. Se se sospeita **demencia** intentarase que o paciente non permaneza a escuras, que teña puntos de referencia habituais (reloxo, calendario) e indicaráselle haloperidol, 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

1.2. Se se sospeita **delirium**, o paciente deberá permanecer acompañado doutra persoa en todo momento, adoptaranse medidas de protección (retirar obxectos cos que se poida mancar e se é necesario procederase á contención mecánica do paciente) e intentarase que o paciente non permaneza a escuras, que teña puntos de referencia habituais (reloxo, calendario) e indicaráselle haloperidol, 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

1.3. Se se sospeitan **trastornos dissociativos** (fuga psicóxena, amnesia psicóxena) procurarase un ambiente seguro e estable.

Axudaráselle ao paciente a elaborar os episodios dolorosos do seu pasado ata alcanzar as razóns polas que mantén a disociación.

2. Se o paciente presenta un trastorno afectivo:

2.1. No caso de **trastorno de ansiedade** débese facilitar a relaxación, deitando o suxeito na padiola, conseguindo un ambiente tranquilo, convidándoo a que cerre os ollos, respire profundo e lento e non pense en nada.

- Débense promover manobras de distracción, como centrar a atención noutras cousas: preguntarlle por datos persoais, cantos anos ten, de onde é, etc...

- O paciente debe ser informado de que sofre unha crise de ansiedade e de que non hai perigo para a súa vida; é conveniente explicarlle o que é unha crise de ansiedade e o grao de malestar

que lle pode chegar a ocasionar, pero evitando dicir que “non ten nada”, pois, ademais de non ser certo, equivale a non tomalo en serio e iso aumentará o nivel de angustia.

- Se hai hiperventilación, é útil poñer unha bolsa sobre o nariz e a boca a fin de que respire en ambiente hipercápnico e reducir así a hipocapnia e alcalose secundaria á hiperventilación. Hai que descartar previamente por anamnese que o paciente padeza calquera enfermidade que favoreza de base a hipoxemia ou a hipercapnia crónicas, que contraindicarían a manobra. Débese evitar cubrir totalmente a cabeza e usar bolsas opacas que impedirían ver se o paciente se pon cianótico.
- Medicación ansiolítica para o episodio agudo: o mellor é indicar benzodiazepinas de vida media curta. Non obstante, indícase unha que teña no domicilio, que tomase previamente e que non lle sentase mal. Pódese utilizar o alprazolam, 0,5-1 mg s.l. ou v.o. e poderase repetir a dose aos 15-20 minutos, se é preciso.
- Psicoterapia de apoio: realizar un inventario das situacións que producen ansiedade e analizar co paciente as sensacións asociadas a elas. Explicar o significado dos seus síntomas e axudar o paciente a interpretar dun modo máis benigno as vivencias e sensacións físicas molestas asociadas á súa ansiedade. Se presenta contracturas musculares utilizar técnicas de relaxación.

2.2. Na reacción por dó, o paciente beneficiase da verbalización e escoita da pena, expresando os sentimentos que no seu momento non puido expresar, faránselle preguntas como ¿que tal acepta a perda?, ¿cre que o superou? etc. Posteriormente modificarase a memoria do falecido con preguntas como ¿recorda algún momento feliz co falecido?, recordando recordos positivos. Finalmente concienciarase o paciente para que asuma as responsabilidades habituais ou novas da vida como ¿deuse conta do que o necesitan os seus fillos ou pais, etc..?

2.3. Trastorno depresivo: psicoterapia de apoio, transmitiráselle ao paciente mensaxes como padece vostede unha enfermidade que se chama depresión que cursa con síntomas como (citar os síntomas do paciente) e necesita polo menos 15-20 días para notar algo de melloría. Recordarlle que é moi importante a toma constante do tratamento. Destacaranse os pequenos logros que vaia conseguindo.

Informarase a familia do proceso e non se lle coaccionará para a toma de decisións. Cando mellore haberá que estimulalo para a reincorporación sociolaboral.

2.4. Nos casos de psicose ou manía farase a mesma intervención que na esquizofrenia.

3. Se o paciente presenta trastornos do pensamento:

3.1. O máis frecuente é que se produzan por alteracións orgánicas, polo que as recomendacións serán as de tratar o cadro orgánico propiamente dito e pódese administrar haloperidol, 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

3.2. No caso de esquizofrenia tratarase de actuar sobre a familia para que apoie o paciente (educación con respecto á natureza da enfermidade recomendándolles que eviten discutir co paciente os contidos do pensamento. Ao mesmo tempo intentarán diminuír ao máximo o estrés ambiental se é necesaria a medicación durante as crises.

3.3. Na epilepsia, se o paciente está convulsionando, intentarase colocarlle algún obxecto entre os dentes, evitando suxeitalo e tratando de protexelo para que non se golpee contra os obxectos circundantes; cando cese a convulsión, recomendarase colocar o paciente en posición lateral de seguridade.

- 3.4. En casos suxestivos de **delirium tremens** procurarase que o paciente permaneza nun ambiente seguro, actitudes tranquilizadoras e a administración de BZD (diazepam 5mg v.o.) e traslado inmediato a un centro hospitalario.
- 3.5. **No caso de intoxicacións** tranquilizarse o paciente e os acompañantes a través do teléfono, mantendo o paciente nun lugar seguro, relaxado e cun acompañante tranquilo.
- Se o paciente está estuporoso colocarse en posición lateral de seguridade. Se o tóxico é coñecido intentarase inducir o vómito mediante estimulación orofarínxea dixital ou cun obxecto romo (excepto en intoxicacións por ácidos, álcalis, derivados do petróleo, anticonvulsivantes ou en pacientes con diminución do nivel de conciencia).
 - Se o paciente convulsiona recomendaranse benzodiazepinas e se o paciente está axitado recomendarase haloperidol ou benzodiazepinas.
 - Se se envía un médico monitorizarse o paciente con mantemento das constantes hemodinámicas.
 - Se o tóxico é descoñecido, administrarase O₂ a alto fluxo (salvo intoxicación por paraquat), glicosa 20-30 mg/i.v., (Glucosmon R-50), naloxona 0,01 mg/kg/i.v., tiamina 1-2 mg/kg/i.v. e flumaceniil 0,2-0,3 mg/i.v.
 - Se o tóxico é coñecido aplicaranse as medidas específicas segundo o tóxico (ver manexo inicial das intoxicacións en Manual de urxencias prehospitalarias 061). Algunhas que hai que destacar son: intoxicación por CO₂ administrar O₂; en intoxicación por opiáceos, naloxona; por benzodiazepinas, flumaceniil; por organofosforados, atropina; por atropina, fisostigmina e por alucinógenos, sintomático.

4. RESPONDA

RESPONDA RECHAMADA

SINTOMATOLOXÍA

- Demencia senil a tratamento con axitación leve en que se poden facer pequenas modificacións de medicación, con contorno familiar colaborador.
- Axitación, disestesias, ansiedade con contorno colaborador

DERIVACIÓN A CENTRO DE URXENCIAS (*)

- Conduta que entrañe perigo.
- Dificultade para o manexo do paciente.
- Familia non colaboradora que non poida garantir o control do paciente.
- Calquera alteración da conduta que suxira patoloxía orgánica leve.
- Patoloxía que non remite tras a rechamada.
- Tras a inxesta de fármacos ou estupeficientes.


VISITA DOMICILIARIA

- Adultos ou anciáns cuxa situación basal impida o traslado.
- Pacientes que non poidan ou non acepten a derivación.
- Situacións en que se considere máis adecuada a atención in situ dentro do contorno do paciente (demencia descompensada, dó intenso, etc.)

EMERXENCIA

- Calquera alteración da conduta que suxira patoloxía orgánica grave.
- Alteración do nivel de conciencia.
- Cortexo vexetativo.
- Dificultade respiratoria.
- Manchas na pel de aparición brusca.
- Sospeita de intoxicación.
- Convulsións.
- Traumatismo previo
- Delirium tremens.
- Conduta que poida entrañar perigo para o propio paciente ou para os que o rodean.

(*) Os pacientes que necesiten acudir a un centro de urxencias e non poidan ir polos seus medios serán derivados en ambulancia.



GUÍA DE ACTUACIÓN NO TRASLADO INVOLUNTARIO

1. INTRODUCCIÓN

É frecuente que o médico de urxencias sexa requerido para atender enfermos mentais que non colaboran na exploración e/ou non acceden a ser trasladados a un centro sanitario. É dicir, non prestan o seu consentimento á actuación médica.

Pero, ¿como se actuará nestes casos? trátase de proporcionarlle ao paciente a axuda médica que precisa respectando os dereitos civís. Debemos ter claro que o paciente ten un déficit grave da competencia para prestar o seu consentimento á asistencia sanitaria que require.

Se coñecemos previamente a existencia dunha autorización xudicial para o ingreso do enfermo, a situación simplifícase notablemente.

2. CUESTIÓNS XERAIS ACERCA DOS INGRESOS INVOLUNTARIOS

2.1. Quen pode ser internado “por razón de trastorno psíquico”

Patoloxía psiquiátrica grave que implica risco para o paciente ou para terceiros na cal o facultativo considere que o paciente é incapaz para decidir.

2.2. Quen pode solicitar o internamento

Cónxuxe ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable (por analoxía do art. 757).

Ascendentes, descendentes, irmáns, etc.

Calquera persoa pode poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal feitos que poden ser determinantes de internamento.

2.3. Quen pode decidir o internamento

O xuíz de Primeira Instancia.

2.4. Procedementos

- Non urxente: a medida adóptaa o xuíz tras unha serie de trámites legais.
- Urxente: a medida adóptaa o médico que leva a cabo o ingreso urxente. Débelle comunicar esta medida ao xuíz (prazo máximo de 24 horas). O tribunal, unha vez que teña coñecemento da noticia e nun máximo de 72 horas deberá ratificar o ingreso. Se denega a autorización para o ingreso, o paciente debe ser dado de alta hospitalaria inmediatamente.

2.5. Execución de internamento involuntario

O xuíz adoptará a súa decisión en forma de auto. No caso dunha orde xudicial o facultativo deberá proceder ao ingreso do paciente e non lle poderá dar a alta mentres non o autorice o xulgado.

No caso dunha autorización xudicial permíteselles aos facultativos decidir o ingreso do paciente aínda en contra da súa vontade. A pesar da existencia dunha autorización xudicial os médicos poden non levar a cabo o ingreso se non o cren indicado. Nos ingresos por autorización xudicial o médico pode decidir o momento de cesamento do internamento, dando de alta o enfermo e comunicándollo inmediatamente ao xulgado competente.

O 24 de febreiro do ano 2004 asinouuse o “Protocolo xeral sobre traslados e ingresos non voluntarios e urxentes de persoas con enfermidade ou trastorno mental en Galicia” entre a Consellería de Sanidade, a Delegación do Goberno en Galicia e a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local (ver anexo 1). Nel consensúase, entre as distintas administracións implicadas, o traslado involuntario urxente do paciente psiquiátrico.

3. GUÍA DE ACTUACIÓN

- Se coñecemos previamente a existencia dunha autorización xudicial para o ingreso do enfermo a situación simplifícase notablemente. Que probablemente non sexa competente para consentir o seu traslado e/ou ingreso é algo que de forma implícita se recolle na intervención xudicial. Ademais contarase e valorarase a presenza das forzas e corpos de seguridade.

- Se non ten autorización xudicial previa valorarase se o traslado é de carácter urxente.
- Se non o é, derivarase ao seu médico de cabeceira ou ao seu especialista de área.
- Se o traslado é de carácter urxente, a primeira medida que hai que tomar é a contención psíquica (chamar o paciente polo seu nome e presentarnos, actuar sen prásas, actitude firme e tranquilizadora, non falarlle en voz alta e agresiva, diminuír no posible o número de persoas presentes, intentar a comunicación verbal e escoitar o paciente con atención e axudalo a expresar os seus sentimentos, obviar as discusións baldías, etc).
- Se accede ao traslado, realizarase. En caso contrario intentarase sedación farmacolóxica voluntaria.
- Se colabora será trasladado ao hospital.
- Se non colabora procederase á contención física para o que solicitaremos o auxilio das forzas e corpos de seguridade (protocolizado por acordos institucionais).

Unha vez suxeitado o paciente procederase a administrarlle tratamento farmacolóxico i.v. ou i.m.


Como alternativas propoñemos diferentes vías de administración e fármacos que dependerán de diversos factores como o grao de axitación, fármacos dispoñibles, manexo terapéutico, etc.

Por vía oral propoñemos haloperidol gotas: 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc) e/ou levomepromazina 40-60mg (40-60 gotas, 1-1,5 cc) ou olanzapina velotab 10 mg ou diacepam: 10-20 mg ou lorazepam 1mg.

Por vía intramuscular propoñemos haloperidol 5 mg e/ou levomepromazina 25 mg e biperideno 5mg ou diacepam: 2,5-10 mg ou midazolán: 0,3 mg/Kg, repetir segundo resposta.

Por vía intravenosa propoñemos haloperidol 5 mg 5-10 mg lentamente cada 30 min ata sedación ou diacepam 2mg/ml ata un máximo de 20 mg ou midazolán 0,1-0,3 mg/kg/iv, repetir segundo resposta obtida.

TRASLADO INVOLUNTARIO



GUÍA DE ACTUACIÓN NO PACIENTE AXITADO

1. CONCEPTO

Síndrome en que aparece estado de exaltación motora acompañado de ansiedad, cólera, pánico ou euforia, segundo os casos. Pode haber desinhibición verbal e falta de conexión de ideas.

2. CLASIFICACIÓN

A etiología desta síndrome debe ser descartada seguindo a seguinte orde:

2.1. Axitación orgánica

O máis frecuente son os cadros tipo delirium. As causas máis habituais son:

Tóxicas (*)	Metabólicas	Neurolóxicas	Outras
Simpaticomiméticos	Hipoglicemia	TCE	HTA
Anticolinéxicos	Hipo/hipertiroidismo	Tumores cerebrais	IAM, angor
Neurolépticos	Hiperparatiroidismo	Anoxia cerebral	Arritmias
Dixital	Alt. electrolíticas: Mg,Ca,Na	Demencias	Valvulopatías
Cafeína	Febre	Infeccións SNC	Anafilaxia
Psicoestimulantes	Síndrome carcinoide	Epilepsia lóbulo temporal	Hipoxia
Abstinencia de alcohol ou sedantes	Feocromocitoma	Confusión postictal	Hipercapnia
	Encefalopatía urémica, hepática	ACVA	Sepse
	Enfermidade de Cushing		
	Enfermidade de Addison		

(*) En xeral cambios bruscos de niveis plasmáticos de fármacos con algunha actividade sobre SNC, especialmente en grupos predispostos como anciáns, consumidores de drogas, etc.

2.2. Axitación psiquiátrica

Distinguimos dous tipos: as psicóticas e as non psicóticas.

a. Psicóticas:

- Esquizofrenia (delirios de persecución ou prexuízo, alucinacións auditivas, etc.)
- Manía (verborrea, aumento de autoestima, hiperactividade, ideas e delirios acerca de riqueza e poder).

b. Non psicóticas: crise de angustia (ataques de pánico).

2.3. Axitación reactiva

a. Ante situacións catastróficas.

b. Ante situacións de desconexión sensorial (por exemplo, tras as intervencións oftalmolóxicas ou na UCI).

3. DIAGNÓSTICO

3.1. Historia clínica

a. Antecedentes médicos e psiquiátricos do paciente e familiares.

b. Inxesta de substancias tóxicas.

c. Enfermidade actual: forma de inicio, características e duración do cadro.

3.2. Exploración

a. Exploración física: xeral e neurolóxica (na medida do posible).

b. Valoración psiquiátrica: orientación, atención, estado afectivo, presenza de delirios e alucinacións.

3.3. Valoración da existencia de signos somáticos de risco vital: cianose, anoxia, anafilaxia, hipoglicemia, etc.

4. TRATAMIENTO

4.1. Medidas de seguridade.

- a. O primeiro é garantir a seguridade do persoal e do propio paciente.
- b. Se o paciente ten armas e se nega a entregalas, non se valorará; avisarase a policía e non se intentará detelo.
- c. Crearanse espazos abertos e con pouca xente (os paranoicos séntense acosados en distancias interpersoais normais).
- d. Fomentarase a verbalización. A entrevista debe ser tranquila, dándolle confianza ao paciente. Ás veces esta medida diminúe por si soa o estado de axitación. Se é insuficiente recorrerase a medidas físicas.
- e. Valorarase o risco de violencia inminente:
 - Ton de fala grave, ameazante e vulgar.
 - Elevada tensión muscular (tensar os brazos, sentarse no extremo da cadeira).
 - Hiperactividade (deambular polo cuarto).
 - Golpear portas ou mobiliario.
 - Historia previa de violencia ou axitación.
 - Sexo masculino, novo.
 - Alucinacións.

4.2. Contención física

- Nunca debemos conter fisicamente o paciente se non contamos cos medios nin co persoal suficiente.
- A redución dun paciente violento débese facer cun equipo como mínimo de cinco persoas, en que unha exerce ademais de coordinador

- Valorarase a presenza de corpos e forzas de seguridade.
- Tras a contención, é o momento da avaliación física, mental e valoración da sedación.
- Unha vez pasada a crise o paciente debe ser informado do motivo desta e liberado gradualmente.

En todos os casos que precisen hospitalización involuntaria, o responsable do centro en que ingresa debe informar a autoridade xudicial correspondente e facer o informe pertinente, nun prazo máximo de 24 horas.

4.3. Medidas de soporte vital (ABC)

4.4. Medidas xerais

- a. Constantes: TA, T^a, FC.
- b. Monitorización cardíaca.
- c. Pulsioxímetro-saturación de O₂.
- d. Glicemia.
- e. Vía venosa periférica (se é necesario).

4.5. Medidas específicas

a. Axitación ou ansiedade leve

O primeiro será aplicar medidas de contención psíquica. Se se consegue daráselle a alta in situ ao paciente ou valorarase derivalo ao hospital.

Se non se consegue, tratarase igual que a axitación moderada.

b. Axitación moderada:

Neste grao de axitación procederemos ao tratamento farmacolóxico.

Como alternativas propoñemos:

- Diacepam v.o. ou s.l. 10-20 mg.
- Haloperidol gotas 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

- Loracepan v.o. ou s.l. comp.1 mg, 2,5 mg.
- Levomepromazina 40-60mg (40-60 gotas, 1-1,5 cc).
- Olanzapina velotab 5 ou 10 mg.
- Se dispuxesemos de BZD , con vida media máis longa, as doses equivalentes son as seguintes:

5 mg de diazepam = 1 mg lorazepam = 7.5 mg cloracepato dipotásico.

- Se o paciente mellora valorarase se se lle dá a alta in situ ou se se deriva ao hospital.
- Se o paciente non mellora será enviado ao hospital.

c. Axitación grave que precisa sedación rápida e eficaz:


i.m.: ahaloperidol 0,5 -10 mg e/ou levomepromazina 25 mg ou diazepam 2,5-10 mg ou midazolan 0,1-0,3 mg/kg, repetir segundo a resposta.

i.v.: midazolan ampolas 0,1-0,3 mg/kg i.v. ou diazepam 2 mg/min ou haloperidol 2-10 mg (pódese repetir cada 30 minutos)

Pódese asociar biperideno 5 mg para evitar efectos extrapiramidais (disonías, rixidez, laringoespasma).

4.6. Criterios de derivación e/ou traslado ao hospital

- a. Reagudización e alteracións psiquiátricas, para valoración polo psiquiatra.
- b. Orgánicas: cando precisen observación, probas complementarias hospitalarias e tratamento correspondente. Naqueles pacientes en que solucionemos a causa desencadeante, podemos valorar a súa permanencia no domicilio.



GUÍA DE ACTUACIÓN NO PACIENTE CON PSICOSE

1. INTRODUCCIÓN

Debe deixarse un primeiro momento de entrevista aberta, en que o paciente se poida explicar sen que confrontemos ideas e opinións.

A seguir débesele dar á entrevista un cariz médico, preguntando por antecedentes médicos para introducirse pouco a pouco nos antecedentes psiquiátricos.

Posteriormente orientarase a entrevista a unha recollida de síntomas de menos a máis específicos.

2. ACTITUDE QUE SE DEBE SEGUIR

A. Interrogatorio

INTERROGATORIO

¿Presenta algún signo de psicose?

- Ideas delirantes
- Alucinacións
- Linguaxe desorganizada
- Comportamento catatónico ou desorganizado

OBSERVACIÓNS

- Se non os presenta pasaremos ao protocolo de alteracións da conduta
- Se presenta algún dos anteriores signos pasaremos á seguinte pregunta

Busca de factores desencadeantes:

- Tóxicos
- Alcohol
- Fármacos

Pode orientar o interrogatorio desde o principio.

- Existen alteracións de memoria ou orientación

→ Demencia

- Alucinacións visuais

→ Delirium

- Focalidade neurolóxica

→ Causa orgánica

Presenta alucinacións auditivas, ideas delirantes (control, adivinación de pensamento)

Esquizofrenia e diagnósticos relacionados

Valoración de síntomas maníacodepresivos

Depresión psicótica
Manía

3. RECOMENDACIÓN

3.1. No caso de inxesta de tóxicos, alcohol ou fármacos tranquilízanse o paciente e acompañantes a través do teléfono, mantendo o paciente nun lugar seguro e relaxado cun acompañante tranquilo.

- Se o paciente está estuporoso haberá que colocalo en posición lateral de seguridade. Se o tóxico é coñecido intentarase inducir

o vómito mediante estimulación orofarínxea dixital ou cun obxecto romo (excepto en intoxicación por ácidos, álcalis, derivados do petróleo, anticonvulsivantes ou en pacientes con diminución do nivel de conciencia).

- Se o paciente convulsiona recomendaranse benzodicepinas e se o paciente está axitado recomendarase haloperidol ou benzodicepinas.
- Se se envía un médico monitorizarase o paciente con mantemento das constantes vitais.
- Se o tóxico é descoñecido, administrarase O₂ a alto fluxo (salvo intoxicación por paraquat), glicosa 20-30 mg/i.v (Glucosmón R-50), naloxona 0,01 mg/kg/i.v., tiamina 1-2 mg/kg/i.v. e flumaceniil 0,2-0,3 mg/i.v.
- Se o tóxico é coñecido aplicaranse as medidas específicas segundo o tóxico (ver manexo inicial das intoxicacións en Manual de urxencias prehospitalarias 061). Algunhas que hai que destacar son: intoxicación por CO₂, O₂; por opiáceos, naloxona; por benzodicepinas, flumaceniil; por organofosforados, atropina; por atropina, fisostigmina e por alucinóxicos, sintomático.

3.2. Se se sospeita demencia intentarase que o paciente non permaneza a escuras, que teña puntos de referencia habituais (reloxo, calendario) e indicárselle haloperidol 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

3.3. Se se sospeita delirium, o paciente debe permanecer acompañado doutra persoa en todo momento, adoptaranse medidas de protección (retirar obxectos cos que se poida facer dano e se é necesario atarase o paciente) e intentarase que o paciente non permaneza a escuras, que teña puntos de referencia habituais (reloxo, calendario) e indicárselle haloperidol 4-10 mg (40-100 gotas, 2-5 cc).

3.4. Se o paciente presenta alucinacións auditivas, ideas delirantes ou signos maníaco-depresivos, interrogaremos o paciente sen présas, establecendo unha boa relación, escoitándoo sen interrupcións e parafraseando o que di de vez en cando. Intentaremos evitar interpretacións negativas e facer bromas sobre o tema, non corrixir nin apoiar o delirio. Faráselle saber que comprendemos os seus sentimentos ofrecéndolle axuda.

- Se o paciente está axitado (ver algoritmo de axitación psicomotriz).
- Se chegamos a unha presunción diagnóstica trataremos de axustar a medicación que o paciente ten no seu domicilio ou que estaba tomando previamente.

4. RESPOTA

RESPOTA

RECHAMADA

SINTOMATOLOXÍA

- Paciente que non toma correctamente o tratamento
- Crise con precipitante claro e que se poida indicar toma de ansiolítico
- Contorno colaborador

DERIVACIÓN A CENTRO

DE URXENCIAS (**)

- Dificultade manexo paciente
- Crise suxestiva de patoloxía orgánica(*)
- Primeiro episodio
- Contorno non colaborador
- Cadro que non remite tras consello médico telefónico

VISITA DOMICILIARIA

- Pacientes que requiren valoración médica e non é posible derivación

EMERXENCIA

Cadro psicótico con:


- Alteración do nivel de conciencia
- Dificultade respiratoria
- Gran cortexo vexetativo
- Convulsións
- Conduta hetero ou autoagresiva

(*) Considéranse crises suxestivas de patoloxía orgánica:

- Maior de 40 anos
- Ausencia de acontecementos significativos que preceden ou exacerban os síntomas.
- Resposta escasa a tratamentos previos

(**) Derivaranse en ambulancia os pacientes que necesiten acudir a un centro de urxencias e non poidan ir polos seus medios.

ALGORITMO DE PSICOSE



* Mai or 40 anos, ausencia de acontecementos significativos que preceden ou exacerben aos síntomas, resposta escasa a tto previos

GUÍA DE ACTUACIÓN NO PACIENTE CON DEPRESIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A depresión é un dos trastornos psíquicos máis comúns na consulta de urxencias. Aproximadamente o 20% da poboación xeral sofre un episodio depresivo nalgún momento da súa vida; non obstante, moitas veces non se detecta e trátase incorrectamente.

O suicidio constitúe un serio perigo nos pacientes con depresión; por iso sempre deberá avaliarse o risco de suicidio neste tipo de pacientes.

2. ACTITUDE QUE SE DEBE SEGUIR

a. Introducción

Debe deixarse un primeiro momento de entrevista aberta, en que o paciente poida explicar sen que confrontemos ideas e opinións.

A continuación débese dar á entrevista un cariz médico, preguntando por antecedentes médicos para introducirse pouco a pouco nos antecedentes psiquiátricos.

Posteriormente orientase a entrevista a unha recollida de síntomas de menos a máis específicos

b. Interrogatorio

INTERROGATORIO

OBSERVACIÓNS

Síntomas depresivos

- Tristeza, tendencia ao choro
- Insomnio, diminución do apetito
- Dificultade de concentración, etc

Orienta a trastornos depresivos

¿Está axitado?	Se está axitado pasa a protocolo de axitación.
¿Presenta ideación suicida?	Se o presenta pasa ao protocolo de risco de autólise.
¿Presenta síntomas psicóticos?	Se os presenta pasa a protocolo de psicose.
Búsca de factores desencadeantes - Tóxicos, fármacos - Patoloxía orgánica - Problemas psicosociais	Pode orientar cara á etioloxía e tratamento do problema concomitante (ademais do tratamento de depresión).
Se non se encontran síntomas desencadeantes	Protocolo de trastorno depresivo.

3. RECOMENDACIÓNS

- Interrogarase o paciente sen présas e establecendo boa relación.
- escoitarase o paciente sen interrupcións.
- Daráselle información sobre a súa enfermidade que é depresión, cuxos síntomas son...
- Faráselle saber que comprendemos os seus sentimentos.
- Indicaráselle que procure estímulos positivos e ofrecerlle a nosa colaboración.

4. RESPOSTA

RESPOSTA

SINTOMATOLOXÍA

RECHAMADA

- Paciente que non toma correctamente o tratamento.
- Contorno colaborador

DERIVACIÓN A CENTRO DE URXENCIAS (**)

- Dificultade ou manexo do paciente.
- Non toma o tratamento.
- Falta de apoio social
- Contorno non colaborador
- Se sintomatoloxía intensa: inhibición, rexeitamento aos cuidados


VISITA DOMICILIARIA

- Pacientes que requiren valoración médica e non é posible a derivación.

DERIVACIÓN A AP

- Cadro que non remite tras consello médico telefónico
- Primeiro episodio

(**) Derivaranse en ambulancia os pacientes que necesiten acudir a un centro de urxencias e non poidan ir polos seus medios

ALGORITMO DA DEPRESIÓN

*Se o paciente non pode ir polos seus medios será derivado en ambulancia

GUÍA DE ACTUACIÓN NO PACIENTE CON IDEACIÓN SUICIDA

1. INTRODUCCIÓN

En toda consulta en que encontremos factores de risco para a conduta suicida debemos preguntarlle ao paciente se nalgún momento pensou en acabar coa súa vida, sen medo a ser indutores de ningún tipo de conduta e intentando que verbalice a súa idea suicida.

A partir dese momento debemos lograr empatizar o suficiente co paciente para lograr explorar o seu grao de intencionalidade e que acepte o noso ofrecemento de axuda a través dunha entrevista clínica aberta que lle permita a expresión dos seus sentimentos.

Como a comunicación se establece a través dun teléfono, debemos asegurar a posibilidade de acceso do equipo asistencial se for necesario.

Son factores de risco para a conduta suicida:

- sexo masculino
- idade maior de 45 anos
- historia de abuso de alcohol e drogas
- en paro ou xubilado, illamento social, inmigración, falta de expectativas, perda de categoría profesional
- solteiro/a, viúvo/a ou divorciado/a, mulleres sen fillos (situacións de soidade), perda ou separación recente
- enfermidade física ou psíquica grave, diagnóstico recente, descompensación psicótica actual con alucinacións auditivas, ideas delirantes de prexuízo, persecución ou ruína
- historia de abuso físico ou psíquico tanto actual como pasado
- intentos autolíticos graves previos

2. ACTITUDE QUE SE DEBE SEGUIR

INTERROGATORIO

¿Cal cre que é a causa desta situación? ¿encóntrase en situación de crise e/ou ao límite? ¿séntese só?

¿Cal é a súa situación laboral actual?

¿Agora está acompañado?

¿Consumiu alcohol e/ou drogas?

¿Ten algunha enfermidade que lle preocupe actualmente? ¿diagnosticáronlla recentemente? ¿toma algún tratamento? ¿sofre dor intensa que o incapacita para as súas actividades diarias?

OBSERVACIÓNS

As perdas recentes, a desesperanza, a soidade, o desemprego sen expectativas de resolución... como vimos son factores de risco importantes para a conduta suicida.

É tan importante a situación de desemprego recente sen expectativas ou de longa duración como a diminución de categoría profesional ou o acoso laboral (mobbing) con gran implicación emocional

Aumenta o risco se o paciente se encontra illado sen posibilidades de axuda de maneira rápida, porque indica un maior grao de intencionalidade.

Ao diminuír o autocontrol aumenta o risco de suicidio

A patoloxía orgánica ou psíquica grave é un importante factor de risco, así como o diagnóstico recente de enfermidade grave ou invalidante

¿Que pensa facer nun futuro próximo?

Valorar a existencia de plans e expectativas que poidan indicar por un lado baixo risco de suicidio e, por outro lado, permítenos ter argumentos de disuasión

¿Pensou en morrer nalgún momento da súa vida?

Se o paciente o nega pero detectamos factores de risco de suicidio ou pouca convicción na resposta debemos continuar coa entrevista, intentando que durante ela verbalice as posibles ideas de suicidio

¿Pensou como levalo a cabo?

Mayor risco en pacientes con ideas persistentes, que pensou un mecanismo de alta letalidade (aforcamento, precipitación...)

¿Usa, colecciona ou garda na casa algún tipo de arma? ¿ten acceso a velenos, tranquilizantes, antidepressivos, drogas...?

Á maior facilidade de acceso, maior é o perigo

¿Escoitou voces que outras persoas non poden oír? ¿pídenlle a súa vida?

Preguntar en caso de sospeita de descompensación psicótica ou cadro delirante

¿Algunha vez intentou suicidarse? ¿hai antecedentes na súa familia ou no seu medio de conduta suicida?

Interrogar sobre o número de intentos, métodos empregados e consecuencias. Aumenta o risco en intentos graves propios ou do contorno próximo

4. RESPONSA

RESPONSA

SINTOMATOLOXÍA

DERIVACIÓN AO
CENTRO DE URXENCIAS
DE AP**

- Paciente con risco leve

VISITA DOMICILIARIA

- Pacientes con risco leve que non aceptan derivación.

EMERXENCIA (médico
AP+ ambulancia 061+
forzas de seguridade)

- Paciente con risco moderado-grave* Intento autolítico consumado

**Risco moderado-grave:*

- Patoloxía orgánica e/ou psiquiátrica grave
- Consumo de alcohol e/ou drogas
- Manifestación explícita de desesperanza, percepción de non poder ser axudado nin poder loitar contra os problemas
- Ideas recorrentes de suicidio, planificación exhaustiva con acceso ao mecanismo de lesión de alta mortalidade e sen posibilidade de rescate
- Condutas autolíticas graves recentes

**Valorar sobre todo a tríade:*

- manifestación explícita de desesperanza
- percepción de non poder ser axudado
- incapacidade percibida para loitar contra os problemas

*** Serán derivados en ambulancia os pacientes que necesitan acudir a un centro de urxencias e non poidan acudir polos seus medios, SEMPRE COA SEGURIDADE DE QUE IRÁN ACOMPAÑADOS.

RECOMENDACIÓNS

O alertante é diferente ao paciente

- non abandonar en ningún momento o paciente.
- a persoa que acompañe o paciente debe ter a súa confianza, estar tranquila e non recriminar nin intentar convencelo. En caso de axitación ou condutas histriónicas debe permanecer tranquilo e manter o paciente nun ambiente controlado.
- retirar fármacos, alcohol, drogas, armas... dos sitios onde o paciente teña fácil acceso.
- se se vai trasladar o paciente en coche dar un número de teléfono móbil á Central de Coordinación do 061 e mantelo dispoñible.
- indicar que volvan chamar ao 061 ante calquera eventualidade durante o traslado ou ata a chegada do equipo asistencial.

O alertante é o propio paciente

- O médico coordinador do 061 debe ter claro que se o alertante é o propio paciente se trata dunha demanda de axuda.
